



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

PREGO DE CONDICIONES TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO CLUB FLUVIAL DE FRIOL.-

1.- OBXECTO DO CONTRATO.- Ten por obxecto a regulación da explotación do servizo de cafetería do Club Fluvial de Friol, dacondo coas condicións establecidas no presente prego de prescripcións técnicas, destinándose para elo, as dependencias afectas ao mesmo, quedando prohibida a utlización para fins alleos a esta finalidade.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN.- O horario máximo de apertura, será o establecido pola normativa de aplicación para estes establecementos. Non obstante, fíxase un horario mínimo de apertura que estará comprendido entre as 12 e as 22 horas, en época estival. As prestacións serán as propias dun establecemento de dita categoría.

3.- CONDICIÓNNS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.- O adxudicatario deberá:

- Os produtos servidos polo adxudicatario deberán ser correctamente manipulados e deberán cumplir os aspectos que especifica a normativa que estea en vigor.
- Cumprir dun xeito estricto a normativa vixente en cada momento acerca da venda e consumo de tabaco e alcohol.
- Terán a disposición dos usuarios follas de reclamacións debidamente autorizadas.
- O Concello resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento polo adxudicatario das obrigas establecidas.

4.- RELACIÓNNS DO ADXUDICATARIO COS USUARIOS.- Deberanse dar cumprimento ás seguintes estipulacións:

- O adxudicatario obrígase a dotar á cafetería do equipamento preciso para prestación do servizo.
- O adxudicatario coidará en todo momento da boa presenza do persoal ao seu cargo.
- A atención será correcta e esmerada en todo momento, debendo tratar con dignidade aos usuarios, sen que sexa posible discriminación de ningunha clase.
- Quen preste o servizo deberán eludir todo conflito persoal cos usuarios informando expresamente de todo incidente ao Concello.
- Deberase gardar estrita confidencialidade en relación cos datos coñecidos en función da realización do servizo.
- O servizo será prestado directamente por quen resulte adxudicataria quedando prohibida a transmisión da explotación a terceiros agás expresa autorización do Concello, cumprindo os requisitos establecidos no TRLCSP.
- O adxudicatario recibirá a explotación da cafetería sen medios persoais sendo da súa conta todo o persoal que contrate para a adecuada prestación do servizo sen que o concello teña obriga algunha en canto o pagamento de salarios, seguridade social ou calquera outro concepto.
- O persoal que se contrate dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empresario, sempre de acordo coa lexislación laboral e social vixente en cada momento, sendo o concello alleo a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito algúm por dito persoal en relación co concello, nin esixir a este responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados.
- A cafetería deberá contar cunha persoa encargada que deberá posuir unha experiencia mínima na realización de traballos similares ou, alternativamente, estar en posesión dalgúnha das titulacións de servizos de restauración, cociña ou gastronomía, ou equivalentes.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

En calquera caso, todos os integrantes do cadro de persoal deberán estar en posesión do carné de manipulador de alimentos e de todas aquellas autorizacións ou permisos que sexan necesarios para o desenvolvemento do seu traballo, segundo a lexislación vixente.

5.- OBRIGAS, MANTENEMENTO E CONSUMOS.- O adxudicatario obrigarase a:

- Colaborar co Concello -previo acordo económico- na organización de actividades que requirian comidas, catering, merendas ou pinchos, etc, poñendo a disposición do mesmo os medios materiais que este precise.
- O contratista deberá en todo caso deixar utilizar, cando así o dispoña o concello, os locais precisos para a realización de actos que estime oportunos, sen que en ningún caso a celebración do evento poida ocupar todos os locais destinados a actividade de cafetería e restaurante.

En relación coa **limpeza e manteremento das instalacións**:

- Ao adxudicatario correspónelle a limpeza do recinto, incluída a terraza anexa, instalacións, mobiliario, baños, adornos, ventanais, etc.
- A empresa adxudicataria obrigarase a depositar de maneira clasificada todos os residuos que se xeren en dita cafetería no lugar e horario indicados polo Concello, procurando na medida do posible, a utilización de aqueles produtos que menos residuos xeneren e sexan facilmente reutilizables.
- O adxudicatario encargarase do manteremento durante o día da cafetería así como da colocación de mesas e cadeiras na terraza, despois de ser utilizados polos clientes ou usuarios. Manterá en condicións perfectas de limpeza e ornato o espazo ocupado para o cal deberá cumplir o plan de limpeza que presente coa súa oferta coas correccións ou modificacións que indique o Concello.
- A tal efecto dentro do sobre B da súa oferta deberá incluír un plan de limpeza para manter a instalación en perfecto estado de manteremento e hixiene. Detallará as labores diárias de limpeza que levará a cabo e as periódicas, especificando os momentos do ano en que se realice e os medios, materiais e maquinaria que utilizará.
- O adxudicatario manterá os locais, instalacións, equipos e mobiliario en bo estado de conservación e limpeza, seguindo as pautas da boa práctica correspondente. En todo caso, cumplirá aquelas disposicións establecidas na lexislación ou normativa vixente de revisións periódicas e corrección das anomalías detectadas.
- Serán de conta do adxudicatario a conservación dos locais, instalacións e equipamento así como a reposición de material avariado e deteriorado.
- O adxudicatario está obrigado a conservar en perfectas condicións as instalacións e mobiliario achegadas polo Concello así como os achegados polo adxudicatario, sendo da súa conta as reparacións que se efectúen nos mesmos así como as reposicións necesarias por outros similares ou de mellores prestacións.
- O Concello inspeccionará o cumprimento de todas as obrigas sinaladas nesta cláusula, propoñéndolle ao contratista en cada caso as medidas oportunas. En caso de incumprimento das medidas propostas polo concello, este poderá levalas a efecto con cargo ao adxudicatario do servizo.
- Os adxudicatarios están obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo e normativa hixiénico-sanitaria vixente en cada momento.
- Para efectuar modificacións nos locais e/ou instalacións será precisa a autorización previa do concello e a mesma farase baixo as directrices que establezan os seus servizos técnicos. Ditas modificacións ou melloras quedarán a beneficio do concello, unha vez rematada a vixencia contractual.

6.- CONTROL DE CALIDADE.- A empresa adxudicataria deberá manter un control de calidade, responsabilizándose tanto das condicións hixiénicas e sanitarias dos artigos á venda, como os que sexan de aplicación na preparación dos alimentos, con escrupulosa observancia na regulamentación existente.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A conservación, almacenamento e manipulación das materias primas, tanto frescas como conxeladas deberá cumplir coa Regulamentación Técnico Sanitaria. Así o adxudicatario será o único responsable das alteracións que poidan sufrir os produtos alimentarios e das consecuencias que para a saúde dos usuarios puidesen derivarse.

7.- GASTOS AO CARGO DO ADXUDICATARIO.- Serán a cargo do adxudicatario os seguintes gastos:

- A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, menaxe e enseres que non figure no centro, e en xeral, calquera elemento necesario para a prestación do servizo.
- O mantemento do local en perfectas condicións, sendo pola súa conta todo tipo de reparacións e tarefas de acondicionamento que este precisase, tanto exterior como interior, ben a iniciativa propia do adxudicatario ou ben a instancia do concello.
- Será de conta do contratista os custos da subministración de auga, saneamento, gas, enerxía eléctrica e, a alarma no caso de que se instale, e, en xeral todos os consumos que sexan necesarios para o servizo así como o mantemento da cafetaría.
- Todos os gastos e responsabilidades que implique o inicio e a explotación do servizo.
- Serán a cargo do adxudicatario todos os impostos, taxas e demais tributos que graven ou incidan na actividade obxecto deste contrato, sendo o seu incumplimento responsabilidade directa do adxudicatario,e en definitiva, todos os gastos iniciais ou futuros que se produzan durante a vixencia do contrato en que incorra a explotación.
- Todos os gastos a cargo do adxudicatario do contrato serán aboados directamente por este, sen intermediación nin responsabilidade algúnhha a cargo do concello.

8.- OBRAS E INSTALACIÓNNS.- O obxecto deste contrato é exclusivamente a explotación da cafetería. Os únicos dereitos que o adxudicatario terá sobre os locais e instalaciónns, serán os da súa utilización durante a vixencia do contrato. En todo caso o contratista estará obrigado a permitir ao concello a realización de obras de acondicionamento e mellora do local adscrito que estime pertinentes, sen dereito a recibir indemnización polos trastornos que se ocasionen, mesmo se a súa realización implicasen unha suspensión temporal da explotación.

9.- TARIFAS.- O adxudicatario terá dereito a percibir dos usuarios do servizo de cafetería-restaurante o prezo correspondente ás prestacións satisfeitas, na contía que estime oportuna. Deberá expoñer nun lugar visible da cafetería a lista de prezos, tanto do servizo de cafetería como do servizo de comidas.

10.- REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNNS E MOBILIARIO.- Cando remate o prazo contractual, o contratista debe entregar ao concello, sen cargo algúñ, as "instalaciónns" que se tiñan dotadas para levar a cabo a explotación, no estado de conservación e funcionamento adecuados. Por "instalaciónns", para os efectos da sua inclusión no réxime de reversión que regula este prego, deberán entenderse comprendidos o local aportado polo Concello ao adxudicatario do servizo ao comezo do contrato, así como as inversións realizadas por este, nese momento e as posteriores, de reemprazo ou mellora daquelas, de modo que, en definitiva, a reversión se refire ao local, coas obras realizadas, decorado e debidamente acondicionado, o equipamento, maquinaria e instalaciónns da cafetería e mobiliario tanto os que se achega polo Concello coma as instaladas polo concesionario. Exclúese do réxime de reversión a menaxe (cubertería, louza, vaxillas, mantelería, etc, aportado polo adxudicatario..)

No prazo de tres meses anteriores a reversión ao Concello adoptará as disposicións que considere oportunas, encamiñadas a que á entrega dos bens se verifiquen nas condicións convidas.

11.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.- Son causas de resolución do contrato as establecidas con carácter xeral no art. 223 do Real Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e ademáis polas seguintes:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Polo transcurso do prazo de duración do contrato.
- Nos supostos de resolución do contrato por mutuo acordo, cando non concurra outra causa de resolución, e sempre por razón de interese público, procederá a reversión anticipada das "instalacións" ao concello, debendo o contratista ceder en propiedade o equipamento e mobiliario dun valor equivalente ao importe do canon deixado de pagar por mor do periodo de carencia establecido neste prego, tendo en conta, ademáis, o estado no que se atopen e o tempo que restase de explotación.
- Por renuncia unilateral do concesionario, que implicará a perda da garantía definitiva e resarcimento, de ser o caso, dos prexuízos causados, debendo ceder o equipamento e mobiliario nos mesmos termos que no apartado anterior.
- Por incumprimento das obrigas do concesionario sinalada neste prego e no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Por calquera outra causa de extinción segundo a normativa que resulte de aplicación.

12.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.- Ademais das obrigas xerais, derivadas do presente prego atenderase especialmente as seguintes:

- O contrato executarase a risco e ventura do contratista.
- O contratista será responsable da calidade técnica da actividade desenvolvida, así como das consecuencias que se deduzan para o concello ou para terceiros das omisións, errores, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- Será de conta do contratista indemnizar todos os danos que se causen, persoais, e materiais, tanto ao concello como aos usuarios, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. En calquera caso, o contratista responderá das actuacións do seu persoal destinado ao servizo.
- O contratista deberá contratar o persoal preciso para atender as súas obrigas.
- O Concello non se fai responsable da falta de pago do adxudicatario aos seus proveedores, nin dos deterioros, roubos que se puideran cometer na cafetería, e demais instalación anexas ao servizo obxecto do presente contrato.

13.- ASEGURAMENTO.- O adxudicatario do contrato deberá ter contratada unha póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil locativa, patronal e dos produtos-alimentos subministrados- que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, cunha cobertura mínima de 600.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000€. Así mesmo deberán incluirse os riscos por intoxicación alimentaria ou por incumprimento da normativa hixiénico-sanitaria.

Ademais deberá ter os seguros obligatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.

En caso de accidente ou de perxuízo de calquera xénero que lle aconteza aos traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumplirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ao concello.

Cando corresponda ao contratista a obriga de indemnizar e o importe dos danos e prexuízos ocasionados resultara superior á cantidade asegurada na póliza executada, a diferenza será igualmente pola conta da empresa, que deberá facela efectiva directamente. Os riscos asegurados comprenderán tamén os que poida orixinar o persoal destinado ao servizo polo adxudicatario.

Friol maio de 2015.

O ALCALDE,